



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO

galicia

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN CASINO DE SANTIAGO PARA A ORGANIZACIÓN E CELEBRACIÓN DAS XORNADAS XACOBEOAS “CASINO DE SANTIAGO CORAZÓN DE COMPOSTELA”

O xerente de Turismo de Galicia

### DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación Casino de Santiago o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación Casino de Santiago para a organización e celebración das Xornadas Xacobeas “Casino de Santiago Corazón de Compostela”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

**Segundo.-** Que a Asociación Casino de Santiago é unha asociación sen ánimo de lucro cuxo que exerce fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial do Concello de Santiago.

Son fins principais da asociación:



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO

galicia

- a) Promover todo tipo de actividades culturais que contribúan a dinamizar a cidade de Santiago e a súa comarca.
- b) Promover iniciativas que redunden en beneficio da cidadanía de Santiago e da súa comarca.
- c) Apoiar todo tipo de proxectos e iniciativas doutros colectivos tendentes aos mesmos fins.

Para levar a cabo os seus fins, a asociación poderá organizar as seguintes actividades:

- a.- Celebración de conferencias, coloquios, proxeccións, exposicións, concertos, premios literarios e artísticos e calquera outro tipos de actividades que interesen aos asociados.
- b.- Realización de publicacións.
- c.- Creación de infraestruturas para levar a cabo as actividades.
- d.- Desenvolvemento de todo tipo de actividades formativas.
- e.- Promoción de execución de actividades lúdicas.

**Terceiro.-** Que a traxectoria cultural da Asociación Casino de Santiago vén avalada pola organización de eventos de gran transcendencia no ámbito cultural galego, español e mesmo internacional, como son o “Premio de Novela Europea Casino de Santiago” ou “Premio Lorca, Guerra da Cal, Blanco Amor”, así como ciclos de música, xornadas e foros que sempre intensificaron a vida cultural da capital galega.

Coa organización das Xornadas Xacobeas “*Casino de Santiago Corazón de Compostela*” preténdese xerar un foro de encontro, análise e debate sobre o feito Xacobeo visto dende a óptica compostelá en tempos nos que se fai necesario reformular conceptos, puntos de vista e mesmo aptitudes que orienten e estimulen unha nova forma de considerar o Xacobeo como motor de recuperación e unha gran oportunidade para a cidade de Santiago; recuperar o pulso e buscar o antes posible a senda da recuperación socio-cultural, económica e mesmo anímica dos distintos sectores que compoñen tecido social.

Trátase dun ciclo de seis xornadas que se levarán a cabo en seis días distintos, unha mostra gastronómica, a instalación dun punto de difusión de material de información turística e un concerto final, en sesións diferenciadas nas que se tratarán e analizarán os distintos aspectos que teñen que ver co



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO

galicia

Xacobeo21 e a necesidade de xerar un discurso fluído e homoxéneo nos actores que interveñen na súa execución.

**Cuarto.-** Que o Plan Director e Estratéxico do Camiño de Santiago 2015-2021 desenvólvese a partir de catro eixos: a gobernanza, a xestión, o uso e a difusión e conta con oito liñas estratéxicas, destinando a L.E.8 á investigación, comunicación e divulgación do Camiño e da Cultura Xacobeá.

Que ambas as entidades consideran de mutuo interese a colaboración na actuación obxecto deste convenio porque contribúe á divulgación e estudo do feito Xacobeo, de cara á preparación do Ano Santo 2021.

Que a través deste convenio, outórgase á Asociación Casino de Santiago unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema



Xacobeo 2021

